

2. POLÍTICA DE CALIDADE

A Facultade de Medicina e Odontoloxía desenvolve a súa política de calidade a través do seu plan estratéxico, a súa programación plurianual e o plan anual de melloras, que se elaborarán e aprobarán de acordo co establecido no proceso *PE-01, Política e Obxectivos de Calidade do centro*.

Para evidenciar o compromiso da dirección con esa política de calidade, cada equipo directivo, por medio do/a decano/a, subscribirá o documento que se achega, o cal será divulgado polos medios de información pública correspondentes:

A Facultade de Medicina e Odontoloxía é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico) a Facultade de Medicina e Odontoloxía elabora a súa política marcándose como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Esta Facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garanten a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garanten as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que rende contas do investimento e optimización dos seus recursos.

Esta facultade dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos

Por todo iso, esta facultade adquire o firme compromiso de garantir a calidade e establece a súa política baixo estes principios:

- Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- Integración, participación e igualdade: esta facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- Orientación ao alumno: este centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal receptor deste.
- Excelencia: o traballo desta facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais facultades recoñecidas.
- Transparencia: Esta facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

A Dirección desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o Decano subscribe este documento de política de calidade o día 26 de febreiro de 2018.

O Decano,

Asinado: Julián Álvarez Escudero

